

## Cinética química

### ◇ CUESTIÓNS

- Define o concepto de velocidade de reacción. Cales son as unidades da velocidade de reacción? De que factores depende?
  - Xustifica a influencia da temperatura sobre a velocidade de reacción.

*(P.A.U. xuño 04)*
- A velocidade das reaccións químicas depende de varios factores; tres deles son: a) concentración dos reactivos; b) temperatura; c) emprego de catalizadores. Razona claramente a influencia dos factores a), b) e c).

*(P.A.U. xuño 03)*
- A constante de equilibrio da reacción que se indica é 0,022 a 200 °C e 34,2 a 500 °C

$$\text{PCl}_5(\text{g}) \rightleftharpoons \text{PCl}_3(\text{g}) + \text{Cl}_2(\text{g})$$
  - Indica se o  $\text{PCl}_5$  é máis estable, é dicir, se se descompón máis ou menos, a temperatura alta ou a temperatura baixa.
  - A reacción de descomposición do  $\text{PCl}_5$  é endotérmica ou exotérmica?
  - Corresponderá maior ou menor enerxía de activación á descomposición ou á formación de  $\text{PCl}_5$ ? Razona as contestacións.

*(P.A.U. xuño 00)*

**Rta.:** a) A maior temperatura, maior descomposición; b) Endotérmica; c) Maior a descomposición
- Indica razoadamente se as seguintes afirmacións son verdadeiras ou falsas:

  - A velocidade de reacción é independente da temperatura.
  - Os catalizadores positivos diminúen a enerxía de activación, incrementando a velocidade de reacción.
  - Os catalizadores diminúen a variación de entalpía dunha reacción.

*(P.A.U. set. 91)*
- Comenta o efecto de catalizadores, presión, temperatura e concentración sobre a velocidade dunha reacción.

*(P.A.U. xuño 91)*
- Comenta a seguinte afirmación, indicando razoadamente se te parece correcta ou corrixiéndoa en caso contrario: A velocidade dunha reacción química diminúe ao aumentar a temperatura.

*(P.A.U.)*

Cuestións e problemas das [Probas de avaliación de Bacharelato para o acceso á Universidade](#) (A.B.A.U. e P.A.U.) en Galiza.

[Respostas](#) e composición de [Alfonso J. Barbadillo Marán](#).